



A/A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURA
E MOBILIDADE – XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN DE OURENSE

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP BEN CHO SHEY
O PEREIRO DE AGUIAR – OURENSE

Desde a ANPA do CEIP Ben-Cho-Shey, poñémonos en contacto coa Consellería para informar do problema existente co servizo de transporte escolar.

Sendo un colexio situado nun entorno rural que conta cun servizo de transporte, con 5 líneas. Cuxo horario escolar do centro é de 9.30 a 14.00 e ata ás 16:00 para o alumnado que utiliza o servizo de comedor e tendo en conta, que dito alumnado debería estar fóra das instalacións ás 16:00 instalado nos diferentes buses en dirección dos seus domicilios.

Vimos observando que desde o curso pasado, os horarios dos autobuses son moi irregulares, con retrasos sobre todo nas recollidas no propio centro á saída. Algunhas líneas están chegando este ano ao centro ás 16.15, o que implica, por un lado que o alumnado se atopa nas instalacións fóra do horario escolar, e que o personal docente e colaboradores/as do comedor rematan a súa xornada fóra do seu horario. Asimesmo, as familias agardan nas paradas entre 15 e 20 minutos máis do debido.

A dirección do centro, púxose en contacto coa empresa en varias ocasións e a resposta da mesma foi a de que algúns buses realizan varias rutas, de aí o retraso.

Solicitamos á Consellería que tramite a nosa reclamación e nos dea resposta e unha posible solución para presentarlal no próximo consello escolar.

E para que así conste, fírmase esta reclamación en Pereiro a 13 de Outubro do 2023

Presidente da ANPA CEIP BEN-CHO-SHEY

Fdo. Manuel Díaz Soilán